



Turismo

O Xacobeo será o gran reclamo de Galicia na próxima edición de Fitur

A Xunta entregará aos Reis unha réplica do martelo que abriu a Porta Santa no ano 1930

R. S.

SANTIAGO. A Xunta e dezasete órganos de promoción turística local e provincial promocionarán a Galicia como destino de excepción na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur), que se celebrará entre o 20 e o 24 de xaneiro na capital española. A celebración do Xacobeo será a gran baza da Comunidade e o meirande atractivo para que os «visitantes sintan que Galicia é, especialmente este ano, un lugar para vivir unha experiencia máxica, única e inesquecible», segundo explicaba a secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo.

O stand de Galicia abran-guerrá 1.400 metros cuadrados de exposición e estará recuberto por unha capa de cunchas de vieira, recreando unha Comunidade «universal e aberta» con atractivos de tipo «espiritual, natural, gastronómico e cultural». A peza central da promoción do Xacobeo 2010 en Fitur será a exposición, durante toda a feira, do martelo de prata co que se abriu hai escasos días a Porta Santa da Catedral de Santiago, e que foi cedido polo Arcebispo. O goberno galego encargou unha réplica do martelo empregado para abrir a Por-

ta Santa no ano 1930, o primeiro dos que se conservan, para entregárllelo a Don Juan Carlos e Dona Sofía.

O calendario de actos en Fitur promocionará os lugares

e a gastronomía, cunha gran presentación do Xacobeo 2010 (venres 22), que os visitantes poderán coñecer a través dun simulador virtual en tres dimensións. Na xornada

previa á feira, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, participará xunto cos presidentes de Baleares e Canarias na mesa redonda organizada polo Foro Exceltur.